



Concello de
Oleiros

Programación **cultural Oleiros**

febreiro/maio
2017

Oleirosmúsica

IV CICLO DE MÚSICA "VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO"

**Sábado 4 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo**



PATY LESTA & THE HITS

O cuarteto formado por Pachi Cruz (contrabaixo), Carlos Bastón (batería), Cristian Leggiero (piano) e Paty Lesta (voz) fará un percorrido por algúns dos éxitos máis importantes da historia da música jazz, soul, swing e funky.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Oleirosmúsica

IV CICLO DE MÚSICA "VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVIERNO"



**Sábado 11 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo**

CÉSAR DE CENTI + SILVIA PENIDE

*A viaxe da palabra
que non era valente*

César de Centi e Silvia Penide únense nun proxecto no que interpretan cancións na procura dun diálogo co público. Intentando que este se sinta conectado coa liberdade, o amor, a poesía e, en definitiva, os grandes valores que leva implícita a canción de autor.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,00 euros, ata completar a capacidade da sala.

Oleirosmúsica

IV CICLO DE MÚSICA "VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO"



Sábado 18 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo

ENTRELAS

Espectáculo vocal a capela onde varias voces femininas interpretarán temas clásicos de diferentes xéneros musicais: pop, bossa nova, soul, boleros, etc.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Oleirosmúsica

IV CICLO DE MÚSICA "VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO"

**Sábado 25 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo**



MR. COOL



O cuarteto liderado polo cantante e guitarrista Ramón Orencio fará un percorrido por diferentes estilos, desde o jazz ata os boleros, pasando polo swing e o funky.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 4 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



TEATRO DO ATLÁNTICO

Presenta o seu espectáculo *Helena*, xuízo a unha lurpia, escrito por Miguel del Arco e dirixido por Xulio Lago.

Sinopse: Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, “a bela Helena”, a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de Paris. O espectáculo: O autor, tomando como punto central da súa proposta un tempo mítico que podemos situar nun milenio a.C., e tratando o drama dunha personaxe da mitoloxía grega, consegue que aquela muller dialogue inequivocamente en tempo presente coa cidadanía deste século XXI que nos toca habitar, e que comparta cos nosos públicos unha reflexión e unha denuncia ao redor do drama da muller contemporánea e tamén de moitas das dramáticas circunstancias polas que transita a nosa civilización.

Elenco: María Barcala

Xénero: teatro clásico

Duración: 70 minutos

Prezo: 2,50 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Sábado 11 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



ILMAQUINARIO TEATRO

Presenta o seu espectáculo *Resaca*, escrito por Ana Carreira e dirixido por Tito Asorey.

Sinopse: No verán de 2016, cinco amigos deciden xuntarse co ánimo de reconstruír a súa propia memoria xeracional e familiar a través da historia dunha persoa común que desapareceu e marcou as súas vidas: Álex. Un espectáculo sobre a resaca da existencia. Unha celebración da vida e da amizade.

Elenco: Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Míguez e Vadim Yuhnevich

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 85 minutos

Prezo: 3,50 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Oleirosmúsica



Sábado 18 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



Concerto da **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS**, dirixida por Alberto Piñeiro Leiva e a **BANDA DE GAITAS DE FORCAREI**, dirixida por José Antonio Vidueiros Sánchez.

Presentación do espectáculo ***Xoldra na eira.***

Espectáculo multidisciplinar, no que se amalgaman a través dunha historia, melodías eternas creadas polo pobo, e que expresan vivamente, os ideais da súa alma e as paixóns do seu corazón... Eses aires, estupendamente harmonizados e axustados, para levar a cabo pola banda de música, a banda de gaitas, as voces e o baile, explotan esa rica canteira de materiais para a construción do magno edificio, que demanda a música galega. O espectáculo contará coa participación, entre outros, da cantante folk Begoña Lorenzo, de José Manuel López (Josele) coas gaita, frutas de pico e ocarina, o Coro de Oleiros e unha parella do Grupo de Baile Santaia.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 25 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



KULUNKA TEATRO

Presenta o seu espectáculo *Solitudes*, escrito por Garbiñe Insausti, José Dault, Iñaki Rikarte, Rolando San Martín e Edu Cárcamo e dirixido por Iñaki Rikarte.

Sinopse: O protagonista síntese incomprendido porque, como case todos os anciáns para os que a súa vida é practicamente unha espera, xa só desexa cousas sinxelas. Cousas tan simples, que os demais non chegan a valorar a súa verdadeira importancia. O extraordinario desta historia é que o ancián –contra o que podería agardarse de alguén cunha vida xa case sen alicientes– non se resigna, non renuncia aos seus pequenos desexos e pelexa por eles con determinación e dignidade. Isto, claro, terá as súas consecuencias para el mesmo e para quen o rodea.

Unha viaxe por universos cotiáns que, mesturando a gravidade cun sorriso, conmove sorprende e invita á reflexión.

Elenco: Garbiñe Insausti, José Dault e Edu Cárcamo

Xénero: drama

Duración: 85 minutos

Prezo: 5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Sábado 1 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



BUTACAZERO

Presenta o seu espectáculo *Voaxa e Carmín*, escrito por Esther F. Carrodeguas e dirixido por Xavier Castiñeira.

Sinopse: Maruxa e Coralia saen da casa, como cada día, maquilladas ata a extenuación e vestidas a toda cor dispostas a dar o seu habitual paseo das dúas polas rúas de Compostela. Pasear, saudar, mercar Sansón e galletas María, botar piropos aos mozos, insultar as mozas... Todo parece transcorrer sen ningún cambio. Porén, hoxe non vai ser un día coma os outros: Coralia empurra a Maruxa a escapar das súas rutinas, intentando cumprir os seus soños. Arrancará así unha viaxe que abrirá feridas de guerra que volverán doer coma o primeiro día.

Elenco: Mabel Rivera e Belén Constenla

Xénero: comedia

Duración: 80 minutos

Prezo: 3,50 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Sábado 8 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García Márquez
Mera



SARABELA TEATRO

Presenta o seu espectáculo *Normas para saber vivir na sociedade moderna*, escrito por Jean Luc Lagarce e dirixido por Ánxeles Cuña Bóveda.

Sinopse: “Nacer non é complicado. Morrer é moi doado. Vivir entre estes dous acontecementos non é necesariamente imposible”. Baixo a forma dun divertimento irónico escóndese a crítica feroz a unha sociedade que, coas súas normas e a súa hipocrísia, fai imposible a sinceridade.

Elenco: Fina Calleja, Sabela Gago, Fernando Dacosta, Elena Seijo e Vadzim Yuknevich

Xénero: comedia

Duración: 75 minutos

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

**Sábado 22
de abril
às 20:30 horas
Auditorio
Gabriel García
Márquez
Mera**



PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

Presenta o seu espectáculo *A cabeza do dragón*, escrito por Ramón María Valle-Inclán e dirixido por Quico Cadaval.

Sinopse: A obra, incluída por Valle-Inclán nunha colección de farsas, conta a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo. Un príncipe, Verdemar, foxe do reino materno por ter desobedecido o rei, seu pai. No seu camiñar, cheo de experiencias, vai dar ao reino de Mícomición, que está a tremer baixo o alento fétido do Dragón. Como é costume, débenlle entregar a princesa Brancaflor ao monstro se queren salvar as vidas e as facendas do reino.

Elenco: Ana San Martín, Víctor Mosqueira, Iván Marcos, Patricia Vázquez, Josito Porto, Yelena Molina, Marcos Orsi e Quico Cadaval

Xénero: farsa fantásica

Duración: 85 minutos

Prezo: 5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Venres 28
ás 21:00 horas
e Sábado 29
de abril
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez
Mera



CONDETRESPES S.L.

Presenta o seu espectáculo *Menú da noite*, escrito e dirixido por Carlos Blanco.

Sinopse: Luis Davila e Carlos Blanco deixan (momentaneamente) a saia escocesa e póñense smóking para sachar como é debido. E ata cociñan caldo en directo. Literalmente.

O debuxante de Bueu e o actor arousán combinan novamente enxeños e artes para atopar o cóctel perfecto. Desta volta viaxan a Broadway. Cos sachos, claro. E bailan claqué e todo.

Animación incluída. Un xoguete escénico, un traballo a dúo onde a comedia ten finalmente a cobertura visual que nunca tivo. Con música de Budiño e Kepa Junquera. Risas aseguradas (e debuxadas).

Elenco: Carlos Blanco, Luís Davila

Xénero: comedia

Duración: 80 min

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda o venres 28 a partir das 20:00 horas e o sábado 29 a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.




Sábado 13 de maio
às 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo

CONCERTO DE **ALIEN MOON**

Banda holandesa fundada nos anos 90 que fará un percorrido por diferentes temas de pop, rock e blues desde os anos 60 ata os 90. Algúns dos artistas versionados serán David Bowie, The Velvet Underground, Super Grass, Neil Young, Deep Purple ou Jimi Hendrix.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala. As invitacións poderán retirarse no despacho de billetes a partir das 19:30 horas.

Sábado 20 de maio
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica
Perillo



XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE

Este novo traballo de **Xabier Díaz** (Berroguetto, NovaGalega de Danza, aCadaCanto) xunto coas **Adufeiras de Salitre**, un grupo de percusionistas e cantoras de música popular, preséntase como o lugar onde a tradición non esmoreceu, onde queda sitio para o baile e o aturuxo...

Acompañados por Gutier Álvarez (zanfona e violín) e Javier Álvarez (acordeón diatónico), nace un novo proxecto preparado para invadir con muiñeiras e pasodobres os escenarios.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 5 euros, ata completar a capacidade da sala.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

AGADIC



Avencia Galega das
Industrias Culturais